

A Comisión Organizadora dos actos conmemorativos do *150 Aniversario da Creación da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela e Alcaliber S. A.* convocan o CERTAME DE DEBUXO E PINTURA “150 ANIVERSARIO FACULTADE DE FARMACIA”

BASES

PARTICIPANTES

Poderán participar os membros da Comunidade Universitaria de Galicia e Licenciados en Farmacia, así como todas aquelas persoas que desexen tomar parte residentes en España.

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por tódolos concursantes das presentes bases, motivo polo cal no poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación. O incumprimento das mesmas determinará a exclusión automática do Certame.

Cada concursante soamente poderá presentar unha obra e a unha soa das modalidades, quedando excluídas tódalas obras do artista que incumprise este requisito.

TEMA

O tema será libre e orixinal, sendo condición indispensable que no haxa sido premiado noutro concurso ou certame.

LUGAR Y PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación concluirá as 14.00 horas do día 31 de outubro de 2007.

As obras remitiranse a seguinte dirección: *Certame de debuxo e pintura 150 Aniversario*, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Farmacia (Secretaría), Campus sur, 15782 Santiago de Compostela.

DOCUMENTACIÓN

Cada obra haberá de estar identificada con o título e lema o pseudónimo. Dentro do embalaxe da obra, axuntarase un sobre pechado, identificado co lema, e que conteña no seu interior os datos do autor (nome e apelidos, fotocopia do DNI, dirección completa, teléfono de contacto e correo electrónico) e unha declaración xurada onde o autor manifieste que a obra non e copia doutras, nin foi seleccionada ni publicada, en parte ou na súa totalidade, en ningures outro certame, concurso ou medio de difusión.

CARACTERÍSTICAS DE LAS OBRAS

As obras que se presenten a0 *Certame de debuxo e pintura 150 Aniversario* haberán reunir as seguintes características:

A técnica artística a utilizar será libre e orixinal

As obras no poderán estar enmarcadas nin haber participado noutros concursos o certames.

AS dimensións das obras no poderán ser superiores a 100 × 80 cm na modalidade de debuxo e a 146 × 114 cm na modalidade de pintura.

Deberán estar debidamente embaladas, non admitíndose ao concurso as non presentadas correctamente.

PREMIOS

Os galardóns a outorgar polo xurado as mellores obras que se presenten en cada modalidade son:

Debuxo	Primeiro premio:	1000.- €e diploma
	Segundo premio:	500.- €e diploma
Pintura	Primeiro premio:	1500.- €e diploma
	Segundo premio:	750.- €e diploma

O fallo do concurso farase público diante do 30 de novembro de 2007 na páxina www.150facultadefarmacia.com

Os premios quedarán sometidos ao IRPF conforme a la lexislación fiscal vixente.

Os premios ou algún deles poderán declararse desertos.

XURADO

Estará presidido polo Decano da Facultade de Farmacia e composto por profesores, e personalidades de recoñecida solvencia e garantía do mundo artístico.

O xurado elixirá as obras premiadas e seleccionará as que formarán parte dunha exposición na Facultade de Farmacia.

A decisión do xurado será inapelable.

DEREITOS

Os autores asumen a responsabilidade en canto a autoría e orixinalidade das obras que envíen.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Facultade de Farmacia

De conformidade con o previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor de cada obra premiada, sen prexuízo dos dereitos morais que lle correspondan, cede ao Comité Organizador e a Facultade de Farmacia da USC, con carácter de exclusiva, os dereitos patrimoniais de explotación das mesmas.

O Comité Organizador e a Facultade de Farmacia comprométense a indicar a autoría e a exercer os dereitos de explotación consonte a os bos usos e con estricto respecto en todo caso dos dereitos morais do autor.

Os dereitos patrimoniais de propiedade intelectual cedidos polo autor en exclusiva comprenden a explotación das obras premiadas, podendo libremente e sen contraprestación económica, proceder a súa reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en calquera medio, formato ou soporte coñecidos ou non na actualidade.

O Comité Organizador e a Facultade de Farmacia poderán utilizar, sempre mencionando a súa autoría e sen contraprestación económica algunha, as obras participantes no Certame para a promoción de actividades que non teñan finalidade comercial e a promoción do propio certame.

A retirada das obras será na Secretaría da Facultade de Farmacia, e efectuarase para as non seleccionadas nos 15 días posteriores a data de comunicación dos premios, e para as seleccionadas ao longo dos 15 días posteriores a data de finalización da exposición. Transcorridos ditos prazos, entenderase que aqueles concursantes que non retiraron súas obras renuncian a propiedade das mesmas, pasando a pertencer ao patrimonio da Facultade de Farmacia.

Os autores das obras seleccionadas que non haxan obtido ningún premio non terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición indicarás a autoría da obra e o autor poderá solicitar que se emita un certificado de que a obra foi seleccionada para a exhibición.

O Comité Organizador e a Facultade de Farmacia garantirán o máximo coidado na manipulación das obras presentadas ao longo do tempo que permanezan baixo súa tutela, pero declinan toda responsabilidade pola perda, roubo, incendio ou calquera outra causa de forza maior que poida ocorrer sobre as obras presentadas ao Certame, así como sobre os danos que poidan sufrir nos actos de recepción e devolución e no tempo que estén baixo súa custodia. Non se subscribirá póliza de seguro que cubra tales resgos. O transporte das obras, tanto a entrega como a devolución, será por conta e baixo a responsabilidade do concursante.

Calquera situación non prevista nestas bases será resolta por el xurado na forma que considere conveniente.